



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Historia e Cultura de Galicia	Código	613G02029	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Vázquez Lijó, José Manuel	Correo electrónico	j.m.vlijo@udc.es	
Profesorado	Vázquez Lijó, José Manuel	Correo electrónico	j.m.vlijo@udc.es	
Web	<a href="http://www.udc.es/filo">http://www.udc.es/filo</a>			
Descrición xeral	Descrición e análise da evolución histórica da Galiza e dos trazos básicos da súa cultura.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer os cambios e permanencias que se producen na Galiza contemporánea	A19	B5 B8	
Coñecer as metodoloxías adecuadas para a elaboración de traballos	A11	B1 B3 B5 B6 B7 B9	C3 C6
Aprender a expor oralmente e por escrito	A4 A10 A29	B4	C1
Tomar consciencia da necesidade de aprendizaxe continua		B3 B5 B7	C3 C6
Fomentar, a través do coñecemento, un mellor exercicio da cidadanía		B8	C4 C6 C7
Coñecer as fontes de información para a Historia da Galiza	A10 A16 A19 A27 A28	B1	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O medio físico e a estrutura povoacional	1.1. Geografía descritiva do país galego. 1.2. Distribución espacial do hábitat urbano e rural.
2. A cultura galega "tradicional".	2.1. O mundo agrario e mariñeiro e as súas culturas características. 2.2. Industrialización e medio urbano.



3. Galicia pre-romana e romanización.	3.1. Celtismo e anti-celtismo. 3.2. A romanización como agente revelador da riqueza cultural propia.
4. A Galiza feudal.	4.1. O proceso de formación do feudalismo. 4.2. O Reino da Galiza 4.3. Consolidación e apoxeu fo feudalismo: a época de Xelmires.
5. O fin dos tempos medievais	5.1. A crise dos séculos XIV-XV. 5.2. A revolta irmandiña. 5.3. A "doma e castración" do Reino da Galiza.
6. Os "Séculos Escuros"; o Antigo Regime na Galiza.	6.1. Demografía e sociedade. 6.2. Economía agraria, tentativas institucionais e conflitos sociais. 6.3. Ilustración galega e esplendor barroco.
7. Crise do Antigo Rexime e estancamento socio-económico: a Galiza do século XIX.	7.1 Inercias agrarias e desindustrialización. 7.2. Unha poboación emigrante 7.3. A construción do Estado liberal. 7.4. Movimentos sociais, correntes e organizacións políticas. 7.5. A formación de unha consciencia propia: do provincialismo ao "Rexurdimento" e o Rexionalismo.
8. a Galiza do século XX: transformacións estruturais e cambio político.	8.1. Evolución da poboación. 8.2. A modernización do tecido socio-económico. 8.3. Os movementos sociais. 8.4. II República, Ditadura Franquista e Transición democrática.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	2	30	32
Recensión bibliográfica	0	9	9
Lecturas	0	30	30
Análise de fontes documentais	0	10	10
Proba obxectiva	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	4	0	4
Sesión maxistral	16	0	16
Discusión dirixida	4.5	2	6.5
Atención personalizada	3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Consiste nun traballo individual por conta do alumno relacionado con algún tema do programa, realizado a partir da consulta de bibliografía e/ou fontes documentais e orientado conforme a pautas dadas polo profesor. Poderá ser exposto na aula.
Recensión bibliográfica	Reseña dun libro ou artigo indicado polo profesor.
Lecturas	Lectura a cargo do alumno de monografías e máis material bibliográfico seleccionado e recomendado polo profesor. Tais lecturas estarán relacionadas preferencialmente coa materia do temario.
Análise de fontes documentais	consulta por parte do alumno de fontes históricas de base documental coa finalidade de o iniciar no manejo das mesmas.
Proba obxectiva	Consiste nunha proba escrita sobre os contidos estudados no curso.



Aprendizaxe colaborativa	Debate en grupo sobre cuestións colocadas polo profesor. Non precisa de lectura previa de materiais en horas non presenciais. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas. Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo ou dialogando con ele segundo cronograma previamente combinado.
Sesión maxistral	Exposición por conta do profesor de cuestións basilares relacionadas co temario.
Discusión dirixida	Debate na aula na base de materiais previamente distribuídos polo profesor e lidos polo alumno en horas non presenciais. O profesor orientará o debate. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas. Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo ou dialogando con ele segundo cronograma previamente combinado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Discusión dirixida Proba obxectiva	<p>Nos traballos tutelados, o profesor informará sobre a metodoloxía a empregar, dará unha orientación bibliográfica xeral que será completada polo alumno a través dun traballo de prospección, e fará un seguimento do traballo. A tal fin, marcará un cronograma de comparecencias periódicas do alumno para ser cumprido obrigatoriedade por este.</p> <p>Na proba obxectiva, o profesor deberá resolver as dúbidas que poda levantar a formulación das preguntas e, en xeral, esclarecer calquera cuestión relativa à materia objeto de exame. Tamén deberá aclarar a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización das preguntas.</p> <p>No caso da discusión dirixida, haberá que seleccionar o tema a debate. Os alumnos deberán preparalo a partir da bibliografía recomendada e caberá ao profesor fixar as pautas metodolóxicas precisas para encaminhar a discusión.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Serán valorizados o rigor analítico exhibido, a claridade da exposición por escrito (e, no seu caso, tamén oral se for exposto na aula) e o axeitamento da metodoloxía ao traballo de pesquisa realizado.	30
Discusión dirixida	Valorizarase a capacidade de argumentar e contrastar a opinión propia coa dos compañeiros da aula. Toda opinión deberá estar debidamente fundamentada, non emitida á toa.	15
Recensión bibliográfica	Será obxecto de estimación a capacidade analítica, de comprensión e de síntese a respecto do material a recensar, ben como a claridade expositiva do discurso.	10
Proba obxectiva	Será avaliada a exposición realizada polo alumno consonte a criterios de articulación da exposición e edecución ás cuestións formuladas.	40
Aprendizaxe colaborativa	Apreciarse de modo especial a capacidade para traballar en grupo e a receptividade das argumentacións dos demais.	5

### Observacións avaliación

<p>1. Será requisito imprescindible para aprobar a disciplina, superar a proba obxectiva. Caso da suma das cualificacións do conxunto das actividades ultrapasar os cinco puntos sen se teren alcanzado un mínimo de dous na proba obxectiva, farase constar como cualificación final 4.9 implicando un suspenso na materia.</p> <p>2. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán ser motivo de suspenso automático cando muito graves e reiteradas. En calquera caso suporán unha diminución da nota.</p> <p>3. Os alumnos/as en situación de dispensa académica ou matrícula a tempo parcial deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes suxeitos á matrícula ordinaria, conforme ás variantes para eles establecidas no apartado de metodoloxías.</p>
---



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saavedra, P. (1992). A vida cotiá en Galicia, 1550-1850. Santiago, USC</li> <li>- Barbosa Álvares, J. M. (2008). Atlas histórico da Galiza. Barcelona</li> <li>- VV.AA. (1998). Atlas histórico de Galicia. Vigo, Nigra Tea</li> <li>- Villares, R. (2004). Historia de Galicia. Vigo, Galaxia</li> <li>- VV.AA. (1991). Historia de Galicia. Vigo, A Nosa Terra</li> <li>- Constenla Bergueiro, g. e Domínguez Castro, I. (eds.) (2002). Tempo de sermos. Galicia nos séculos contemporáneos. Vigo, UVI</li> <li>- VV.AA. (1990). Textos e materiais para a Historia de Galicia. Barcelona, Crítica</li> <li>- Calo Lourido, F. (1996). Xentes do mar. Traballos, tradicións e costumes. Vigo, A Nosa Terra</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Velasco Souto (2006). 1936 Represión e alzamento militar en Galiza. Vigo, A Nosa Terra</li> <li>- López Carreira, A. (1999). A cidade medieval galega. Vigo, A Nosa Terra</li> <li>- Do Pico, F. (1978). A Ilustración e a sociedade galega. Vigo, Galaxia</li> <li>- Barros, C. (1988). A mentalidade xusticieirados irmandiños. Vigo, Xerais</li> <li>- López Carreira, A. (1987). A revolución irmandiña. Ourense, Galiza Editora-ASPG</li> <li>- Velasco Souto, C. F. (1995). Agitacións campesinas na Galiza do século XIX.. Santiago, Laivento</li> <li>- Carmona, X. y Nadal, J. (2005). El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza</li> <li>- Villares, R. (1982). Foros, frades e fidalgos. Vigo, Xerais</li> <li>- Máiz Vázquez, B. (1989). Galicia na II República e baixo o franquismo. Vigo, Xerais</li> <li>- Velasco Souto, C. F. (2000). Galiza na II República. Vigo, A Nosa terra</li> <li>- Fernández Casanova, Carmen (coord.) (1998). Historia da pesca en Galicia. Santiago, USC, Biblioteca de divulgación</li> <li>- Alonso Álvarez, I. (1977). Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antigo Régimen. Madrid, Akal</li> <li>- Barreiro Fernández, X. R. (1982). Liberales y absolutistas en Galicia. Vigo, Xerais</li> <li>- Andrade Cernadas, J. M. (1995). Monxes e mosteiros na Galicia medieval. Santiago, USC, Bibl. de divulgación</li> <li>- Proxecto: As Vítimas, As Voces, Os Nomes e os Lugares (). Nomesevoces.net.</li> <li>- Cabo Vilaverde, M. (1998). O Agrarismo. Vigo, a Nosa terra</li> <li>- Beramendi, J.G.-Núñez Seixas, M. (1990). O Nacionalismo Galego. Vigo, a Nosa Terra</li> <li>- López Carreira, A. (2005). O reino medieval de Galicia. contribución á súa historia política. Vigo, A Nosa Terra</li> <li>- Pereira, D. (coord.) (1992). Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra. Vigo, A Nosa Terra</li> <li>- Presedo Garazo, A. (1997). Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias socioais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (séculos XVI-XVIII). Santiago, sotelo Blanco</li> <li>- Castiñeiras, M. A. (1995). Os traballos e os días na Galicia medieval. Santiago, USC, Biblioteca de divulgación</li> <li>- Fernández Prieto, L. (ed.) (2001). Tera e Progreso. Vigo, Xerais</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura Galega/613G02012

Literatura Medieval Galego-Portuguesa/613G02023

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Lingua Portuguesa 2/613G02035

### Materias que continúan o temario

Lingua Galega e Comunicación Oral/613G02021

Lingua Portuguesa 1/613G02022

Lingua Galega e Sociedade/613G02025

## Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías